

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27016352	IES do Camiño	Palas de Rei	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	3
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	4
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	6
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	11
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	11
o) Outros apartados	11

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES do Camiño localízase na vila de Palas de Rei, na comarca da Ulloa. O centro adapta os obxectivos xerais das etapas da ESO e do Bacharelato segundo a oferta educativa. Estes obxectivos toman como referencia o establecido nos marcos normativos vixentes e tendo en conta o Proxecto Educativo e as necesidades educativas que se van concretando na Programación Xeral Anual. A lexislación de referencia é a seguinte: Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galiza e se regula a avaliación nesa etapa educativa. ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galiza e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza e se regula a avaliación nesa etapa educativa ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O IES do Camiño adecúa as competencias clave ás etapas da ESO e do Bacharelato. Estas competencias clave toman como referencia o establecido no marco normativo vixente, tendo en conta o Proxecto Educativo do centro e as necesidades educativas que se concretan na Programación Xeral Anual. En cada unha das programacións das diferentes materias indícase a contribución de cada unha das materias á adquisición das competencias clave, que son as seguintes: a) Competencia en comunicación lingüística (CCL). b) Competencia plurilingüe (CP). c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM). d) Competencia dixital (CD). e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA). f) Competencia cidadá (CC). g) Competencia emprendedora (CE). h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os elementos transversais son tratados no artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo na ESO en Galiza, e artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo do Bacharelato en Galiza. Estes decretos indican como elementos transversais, que deberán ser traballados en todas as materias ao longo de toda a escolarización do alumnado, os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade, que se traballarán en todas as materias.
2. Fomentarse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse comportamentos, estereotipos e contidos machistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. A linguaxe será libre de prexuízos e estereotipos machistas.
5. A consellería (e, polo tanto, o IES do Camiño) fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de actitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo e o sentido crítico. Estes elementos transversais implican criterios para ser desenvolvidos que teñen como referencia os proxectos específicos e as propostas dos diferentes departamentos didácticos e equipas, que se van concretando cada curso escolar na Programación Xeral Anual. Así mesmo, os principios pedagóxicos baséanse nunha educación en valores que permita unha educación integral do alumnado esencial para desenvolver a súa personalidade.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As propostas metodolóxicas teñen que pór especial énfase no acceso de todo o alumnado á educación básica e atención á diversidade de alumnado. Tendo en conta isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos e facilitar o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias. Na súa práctica docente, o profesorado do IES do Camiño atenderá aos principios pedagóxicos que inspiren as ensinanzas do currículo e á didáctica específica das materias que imparte. A continuación, recóllense unha serie de criterios metodolóxicos xerais que cada departamento concretará nas diferentes programacións didácticas:

- Opcións metodolóxicas axustadas ao nivel inicial do que parte o alumnado e que potencien a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado.
- Opcións metodolóxicas que conceden importancia á comprensión lectora.
- Opcións metodolóxicas que promoven o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
- Opcións metodolóxicas apoiadas en estruturas de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- Opcións metodolóxicas baseadas no traballo por proxectos.
- Opcións metodolóxicas que evitan o uso de modelos de ensino aprendizaxe baseados unicamente na transmisión memorística de coñecementos.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Cómpre destacar que en toda a ESO está implantado o programa E-Dixgal, polo que será de obriga o libro dixital nas materias nas que se estableceu o compromiso. Así pois, todo este alumnado conta con computador e a posibilidade de levar a cabo as actividades que o profesorado de cada materia teña a ben dispoñer. Todas as aulas de referencia están dixitalizadas: pizarra dixital, canón, portátil.... A biblioteca é un recurso inestimable, tanto en libros como noutros materiais e o propio espazo, adecuado ad hoc. Os distintos laboratorios e aulas específicas (Física e Química, EPV, Bioloxía e Xeoloxía...) están equipados cos materiais oportunos e a posibilidade de adquisición doutros necesarios. Polo que será prioritario o uso de recursos didácticos e materiais que tendan a un ensino dixitalizado, sen esquecer o complemento conveniente de materiais máis plásticos e de concreción inmediata como os libros de texto. Ambas as dúas posibilidades serán a práctica que os departamentos nas súas programacións teñan en conta. E sen esquecer as recomendacións e aseveracións legais cara unha educación, un mundo e unha realidade cada vez máis informatizados. A relación de libros de texto actualizada por nivel educativo correspondente a cada curso escolar estará dispoñible na páxina web do Centro.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

1.- A oferta educativa do centro é a seguinte:

- a) Educación Secundaria Obrigatoria.
- b) Formación Profesional de Grao Básico: Electricidade e Electrónica.
- c) Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e de Ciencias e Tecnoloxía.

2.- Itinerarios e optatividade:

1º ESO. Neste curso hai dúas horas de Libre disposición que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora de reforzo de Educación Física e 1 hora de reforzo de Matemáticas. Respecto da 2ª Lingua estranxeira, impártese Francés.

2º ESO Neste curso hai dúas horas de Libre disposición que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora de reforzo de Física e Química e 1 hora de reforzo de Lingua Galega. Respecto da 2ª Lingua estranxeira, impártese Francés.

3º ESO Ofértanse seis materias optativas e séguese o criterio para impartilas do número de alumnos/as que cada unha escollan, cun mínimo de 5 estudantes. Estas últimas son: Oratoria e Educación Dixital.

4º ESO - Coa finalidade de orientar a elección do alumnado, as materias de opción agrupáronse en itinerarios de forma que se puidesen orientar tanto os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Os itinerarios foron: Itinerario A: con Economía e Latín e Itinerario B: con Bioloxía e Física e Química; a estas dúas habería que engadir unha materia entre o resto de materias de opción do currículo, resultando Tecnoloxía e Dixitalización e Expresión Artística. En canto ás materias optativas, ofertáronse todas as consignadas no currículo e seguíuse o criterio de número de alumnado matriculado para a posibilidade da súa impartición, resultando Economía e Intelixencia Artificial.

1º BAC. - Materias de Modalidade: ofértanse as modalidades de Ciencia e Tecnoloxía e a de Humanidades e Ciencias Sociais e séguese o criterio da matrícula ou non de alumnado en cada materia; tendo en conta, de ser moi reducido o número de alumnos/as matriculados/as nunha materia, a dispoñibilidade horaria do profesorado do departamento en cuestión. - Materias Optativas: ofértanse todas as consignadas no currículo e séguese o criterio do número mínimo para poder impartilas e a dispoñibilidade horaria do profesorado do departamento.

2º BAC. - Materias de Modalidade: ofértanse as modalidades de Ciencia e Tecnoloxía e a de Humanidades e Ciencias Sociais e séguese o criterio da matrícula ou non de alumnado en cada materia; tendo en conta, de ser moi reducido o número de alumnos/as matriculados/as nunha materia, a dispoñibilidade horaria do profesorado do departamento en cuestión. - Materias Optativas: ofértanse todas as consignadas no currículo e séguese o criterio do número mínimo para poder impartilas e a dispoñibilidade horaria do profesorado do departamento.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

1. As actividades complementarias e extraescolares completan a formación que se imparte nas aulas.
2. Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo (salvo excepción) e que, formando parte da programación ou organizadas por un Departamento Didáctico, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Dado que estas actividades complementarias forman parte das Programacións Didácticas, a participación será obrigatoria e o grao de participación e implicación do alumnado nas mesmas será avaliado consecuentemente polo/a docente da materia. As actividades obrigatorias deben ser gratuítas.
3. Terán carácter de extraescolares aquelas actividades que, sendo organizadas por un departamento didáctico ou polo centro e figurando na Programación Xeral Anual, aprobada polo Consello Escolar e pola Dirección, se realizan tamén fóra de horario lectivo (aínda que poden incluír todo ou parte do horario lectivo) e nas que a participación é voluntaria. Os/As alumnos/as que non realicen estas actividades asistirán obrigatoriedade a clase.
4. Deben incluírse nas programacións dos departamentos as actividades previstas para que consten na Programación Xeral Anual (P.X.A.). A tal fin, a principios de curso, para seren incluídas na PXA, cada departamento comunicará, segundo modelo do centro, todas as actividades que preveña levar a cabo especificando data (a ser posible), obxectivos, alumnado ao que vai dirixida e orzamento. Estas actividades serán aprobadas polo Claustro e o Consello Escolar, conformando a Programación de actividades complementarias e extraescolares do centro. Ademais, ao achegarse a data, planificaranse con suficiente antelación, avisarase á Vicedirección con tempo abondo (mínimo unha semana) para que esta poida tramitar toda a información e loxística concernente ás mesmas. Na comunicación a Vicedirección deberá facerse constar necesariamente: a) Profesor/a organizador e responsable da actividade programada. b) A relación de alumnos/as que participarán nela. c) Os/As profesores/as acompañantes. d) Obxectivos da actividade, lugar e tempo previstos para a súa realización.
5. É moi conveniente que as actividades se programen para grupos completos. A oferta de actividades obrigatorias será equilibrada para que poida participar canto máis alumnado sexa posible.
6. O número máximo de días lectivos anuais dedicados á realización de actividades complementarias e extraescolares non debe superar os 14 por grupo, agás 2º de BAC que non poderá exceder os 10 días. Ademais, en 2º de BAC non se levarán a cabo actividades no terceiro trimestre, a non ser que incidan especialmente no seu currículo de cara ao acceso a estudos posteriores e/ou que teñan que ver coa súa orientación académica e profesional.
7. - No caso de que as programacións didácticas contemplan para un determinado grupo de alumnos/as un número de actividades tal que se rebase o tope de días lectivos fixados no apartado anterior, o Consello Escolar, a proposta do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, seleccionará aquelas que considere máis axeitadas atendendo aos seguintes criterios: a. Grao de desenvolvemento do proxecto da actividade. b. Grao de interese pedagóxico para o alumnado. c. Determinación ou non de datas concretas de realización. d. Realización ou non en datas non axeitadas (semanas de exames, etc.). e. Experiencia previa positiva doutros anos na realización da actividade. f. Implicación dunha elevada porcentaxe de alumnos/as sobre o total posible. g. Custo económico tanto para o estudantado como para o centro.
8. Cando se realice unha actividade fóra do centro, os/as pais/nais, tutores/as, deberán asinar o modelo oficial do centro de autorización ou outro análogo con compromiso similar. Cando sexa unha actividade repetitiva abondará unha autorización para o curso completo.
9. Mensalmente serán expostas as actividades para ser realizadas na sala de profesores e no taboleiro informativo do alumnado. Tamén se expoñerá na sala de profesorado con dous días mínimo de antelación a lista de alumnos e alumnas que vaian realizar algunha actividade extraescolar.
10. No caso concreto de que a actividade programada requira, entre outras cousas, a realización dunha viaxe, seguiranse as seguintes normas: a) A viaxe deberá estar incluída na programación anual de actividades complementarias e extraescolares do departamento correspondente e contida, polo tanto, na P.X.A. avaliada polo Consello Escolar e pola Dirección a comezos de curso. De non ser así, seguirase o procedemento devandito para as

actividades que poidan xurdir ao longo do curso (Punto 14 do presente capítulo). b) Non caso que a actividade teña a denominación ou o carácter de "Viaxe fin de curso", ou cando a duración prevista implique pasar como mínimo dúas noites fóra da vila, será preceptiva unha reunión previa entre os profesores/as organizadores e as nais/pais dos alumnos/as afectados, na que se lles dará a estes últimos toda a información referida a obxectivos da actividade, duración, itinerario da viaxe, hoteis, teléfono de contacto e calquera outra que se considere de interese. c) A relación profesor/a-número de alumnos/as, será de 1 a 20. No caso de ser a viaxe ao estranxeiro a relación será de 1 a 15. Nunca irán menos de dous/dúas profesores/as; e tentarase no posible sexa unha profesora e un profesor, ao menos se son saídas nas que haxa que durmir fóra algunha noite. d) Os/as organizadores/as terán o dereito a vetar a asistencia á viaxe de alumnos/as por motivos xustificadas. e) Nas viaxes de fin de curso utilizaranse o mínimo número de días lectivos posible, procurando que coincida en datas anteriores á Semana Santa.

11. É recomendábel que o profesorado responsable da actividade presentará ao finalizar a mesma unha breve memoria na que consten as características, obxectivos conseguidos e incidencias que se incluírá na memoria do departamento do curso correspondente.

12. Para cubrir os gastos do profesorado acompañante nas saídas extraescolares establécense unhas cantidades en concepto de dieta de desprazamento, que deberán ser aboadas polo centro na cantidade que establece a normativa vixente.

13. O xefe deste departamento mantén, do mesmo modo, responsabilidade respecto da organización de actividades lúdicas ou de carácter interdisciplinar, sen prexuízo da colaboración necesaria por parte das profesoras e profesores implicados.

14. No que respecta ás saídas ou actividades complementarias e extraescolares non incluídas nas Programacións e, así mesmo, na P.X.A., aínda non implicando desprazamento fóra do instituto ou sen requirir autobús, axustarase ao procedemento seguinte: De xurdir ao longo do curso algunha actividade, complementaria ou extraescolar, que polo seu interese ou conveniencia algún departamento ou o centro considere oportuno deba realizarse e non figure na PXA, deberá poñerse o antes posible en coñecemento de Vicedirección para a súa avaliación polo Consello Escolar e aprobación pola Dirección. Todas elas deberán incluírse na Memoria de fin de curso. Coa fin de non reunirse especialmente para iso, o Consello Escolar poderá delegar na Dirección do centro a decisión de que a saída ou actividade reúne todos os requisitos que nestas normas se regulan.

15.- Pautas e criterios xerais á seguir polos departamentos: Á hora de planificar, deseñar e seleccionar as actividades complementarias e extraescolares do curso académico todos os departamentos implicados terán presente as seguintes directrices xerais: a) Vinculación das actividades cos contidos do currículo educativo das diferentes materias / cursos / etapas. b) Transversalidade das actividades entre diferentes departamentos e/ou entidades socioculturais. c) Fomento de actividades de proximidade na contorna do centro educativo. d) Gratuidade da actividade ou redución dos custos da mesma.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias e destinado a súa recuperación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia se que o/a alumno/a teñan pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado tutor. No caso de que a materia non sexa a mesma polo cambio do currículo, preferentemente, será elixido, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou impartirlle docencia no curso actual. O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado. Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden. O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír: a) Identificación do alumno/a. b) Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar. c) Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación. d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. f) Tarefas para realizar con temporalización. g) Seguimento e avaliación. h) Acreditación de información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza establece que o alumnado que repita un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado. O plan específico para o alumnado repetidor será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden. Ao final do curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento. O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír: a) Identificación do alumno/a. b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso. c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior. d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias. g) Acreditación da información á familia.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os criterios xerais para a avaliación promoción e titulación no que respecta á oferta educativa do IES do Camiño, están regulados no seguinte marco normativo:

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galiza e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Orde do 13 de xullo de 2015 (DOG do 22 de agosto) pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galiza, así como o acceso e a admisión a estas ensinanzas.

Establécese a seguinte concreción para o IES do Camiño, sempre dentro do marco legal vixente.

ESO

AVALIACIÓN

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora: a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo. b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno. c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, tendo en conta o regulado nos artigos 28 e 29 da Orde do 26 de maio de 2023 que desenvolve o Decreto 156/2022.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

PROMOCIÓN

1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliación final de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación. No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptárase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas e cada unha das condicións seguintes: a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición. c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte. d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao aprofundamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado. Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico personalizado seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

TITULACIÓN

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, do 15 de xuño, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas e cada unha das condicións seguintes: a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias en que estea matriculada ou matriculado con avaliación negativa non sexa superior a oito. Para estes efectos non se considerarán, de ser o caso, as horas de libre disposición. c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída. d) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

1. Ao remate do primeiro dos cursos do ciclo formativo e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente de cada grupo de alumnado, na sesión final extraordinaria, decidirá sobre a promoción a segundo curso.

2. O alumnado de primeiro curso terá promoción cando: a) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas. b) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e Ciencias Sociais I ou o módulo de Ciencias aplicadas I. Con todo, deberá matricularse destes módulos profesionais pendentes de primeiro curso. O profesorado deberá organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes. O alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, a

temporalización e a data en que serán avaliadas.

3. O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción ao segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

4. A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

BACHARELATO

AVALIACIÓN

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación no bacharelato será continua, formativa e diferenciada segundo as distintas materias: a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo. b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno. c) Diferenciada segundo as distintas materias: xa que o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos da materia.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

PROMOCIÓN

1. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción do primeiro ao segundo curso de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno.

2. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso, nas condicións reguladas no artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022.

3. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

4. O alumnado que ao termo do segundo curso tivese avaliación negativa nunha ou máis materias poderá: a) Matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. Neste caso poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, quedando unicamente exento da súa avaliación e debendo cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo. b) Repetir o curso completo. Neste caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno superase previamente.

TITULACIÓN

1. Será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato para a obtención do título de bacharel. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas e cada unha das condicións seguintes: a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título. b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

ESO

1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado do IES do Camiño son obxectivos e públicos, e concréntanse nos seguintes: a) A nota media do cuarto curso debe ser igual ou superior a 9. A matrícula de honra outorgarase ao estudante coa maior nota media sempre e cando cumpra o criterio anterior. b) En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de 3º e, subsidiariamente en caso de ser necesario, á media de toda a etapa conxuntamente. c) De persistir o empate, terase en conta o número de deces obtidos na etapa. Subsidiariamente en caso de ser necesario, terase en conta o número de noves, e de ser necesario, continuarase contando o número de notas do chanzo inferior até desfacer o empate.

BACHARELATO

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado do IES do Camiño son obxectivos e públicos, e concréntanse nos seguintes: a) A nota media do segundo curso de Bacharelato debe ser igual ou superior a 9. A matrícula de honra outorgarase ao estudante coa maior nota media sempre e cando cumpra o criterio anterior. b) En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa. c) De persistir o empate, terase en conta o número de deces obtidos na etapa. Subsidiariamente en caso de ser necesario, terase en conta o número de noves, e de ser necesario, continuarase contando o número de notas do chanzo inferior até desfacer o empate.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os diferentes departamentos didácticos do IES do Camiño desenvolverán o currículo establecido mediante as Programacións Didácticas de cada materia de cada curso. Estas programacións didácticas son públicas e están a disposición da comunidade educativa na páxina web do noso centro. Na elaboración das programacións didácticas, a xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das diferentes materias que se integran no seu departamento. As programacións serán entregadas á Xefatura de Estudos a través da aplicación PROENS ou da aplicación correspondente de FP antes do inicio das actividades lectivas ou en todo caso dentro do prazo indicado desde a Administración para determinados cursos. A Xefatura de estudos remitirá as programacións ao Servizo de Inspección Educativa. As programacións didácticas das diferentes materias, da educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, incluírán como mínimo os seguintes elementos: a) Introducción. b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias. c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación. d) Metodoloxía : a. Concrecións metodolóxicas; b. Materiais e recursos didácticos. e) Avaliación: a. Procedemento para a avaliación inicial; b. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación; c. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. f) Medidas de atención á diversidade. g) Transversal: a. Concreción dos elementos transversais; b. Actividades complementarias. h) Práctica docente :a. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro; b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Ao inicio de cada curso escolar, no Claustro e no Consello Escolar, valóranse e apróbase a participación en diferentes proxectos, plans e programas atendendo ao seu interese didáctico e aos recursos dispoñíbeis. O IES do Camiño participa, entre outros, nos seguintes proxectos, plans ou programas de innovación e calidade educativa: a) Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) b) E-Dixgal c) Club de Lectura d) Plan Proxecta: Donas de si e e) Plan Eduemprende, Programa Edutecemprende

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Ao final de curso deixarase constancia nas distintas memorias da avaliación e das modificacións convenientes para a revisión que se levará a cabo ao inicio do curso seguinte, tanto na CCP coma no Claustro. As conclusións ás que se chegue serán a clave para os posibles cambios. A experiencia do desenvolto, o por desenvolver; o que resultou e o que non resultou; a consecución ou non dos obxectivos propostos; daranos as claves para a devandita revisión.

o) Outros apartados

1. Outros apartados: non aplicábel

Non aplicábel.